



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Filosofía do Dereito	Código	612G01026	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Serna Bermudez, Pedro	Correo electrónico	pedro.serna@udc.es	
Profesorado	Calvo de la Uz, Isaías Juan Crego Blanco, Jorge Pereira Saez, Maria Carolina Seoane Rodriguez, Jose Antonio Serna Bermudez, Pedro	Correo electrónico	isaias.calvo@udc.es jorge.crego@udc.es c.pereira.saez@udc.es jose.antonio.seoane@udc.es pedro.serna@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia tenta proporcionar unha comprensión global do fenómeno xurídico mediante a revisión crítica das bases históricas, políticas e científicas da paradigma dominante no Dereito contemporáneo. Así mesmo, preténdese poñer ao alcance dos estudantes unha comprensión máis profunda dalgunhas nocións, institucións, procesos e estruturas centrais estudados ao longo da carreira, unificando e sintetizando eses coñecementos. Por tanto, aspirase a levar a cabo un traballo de síntese e de afondamento, tanto histórico como conceptual. Ademais, preténdese introducir aos estudantes no coñecemento e a comprensión das transformacións que afectan ao dereito actual e que obrigan a revisar o paradigma dominante (o positivismo xurídico) e, finalmente, suxerir as liñas básicas dunha filosofía xurídica que permita unha comprensión máis axustada do Dereito do momento presente.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir unha visión global do Dereito occidental na Modernidade, das profundas transformacións experimentadas polos sistemas xurídicos contemporáneos, así como dos principais debates actuais sobre á contorna política do Dereito.	A2 A3 A4 A6 A10 A12	B9 B1 B2 B3 B5	C4 C6 C7
Desenvolver instrumentos conceptuais e metodolóxicos para a crítica da concepción xeral do Dereito recibida de modo implícito ao longo de toda a carreira.	A2 A5 A6 A8 A11	B6 B8 B11 B1 B2 B3	C4 C6 C8
Desenvolver con sentido crítico e de modo creativo a capacidade de argumentación xurídica e ético-política	A4 A8 A10 A11 A12	B8	C1 C4 C6



Coñecer as principais correntes do pensamento filosófico-xurídico sobre a xustiza na súa relación co Dereito, e desenvolver un punto de vista crítico persoal sobre a súa aplicación a debates actuais.	A2	B6	C1
	A4	B8	C4
	A6	B11	C6
	A8	B2	C7
	A10		C8
	A12		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Filosofía do Dereito como comprensión e como crítica do Dereito contemporáneo.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Filosofía do Dereito como saber histórico. 2. Pensar o propio tempo, tarefa da Filosofía do Dereito. 3. Por onde comezar? O problema do punto de partida. O paradigma dominante como punto de partida: a Modernidade (cultural, política e xurídica) e o positivismo xurídico.
2. Modernidade xurídica e positivismo xurídico.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O positivismo xurídico: aproximación descritiva. 2. As bases teóricas e ideolóxicas do Estado moderno. 3. As transformacións do Dereito a partir da Codificación. 4. A aspiración a facer do Dereito unha ciencia: a ciencia xurídica no século XIX e primeira metade do século XX.
3. As deficiencias da paradigma positivista.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A unilateralidade do concepto positivista de Dereito. 2. As dificultades do positivismo para explicar a práctica xurídica e para proporcionar instrumentos que permitan operar nela. 3. O carácter ideolóxico do cientificismo e a índole necesariamente valorativa da actividade xurídica.
4. O Dereito actual: evolución dos sistemas xurídicos occidentais desde a segunda metade do século XX e comezos do XXI	<ol style="list-style-type: none"> 1. Constitucionalización dos sistemas xurídicos. 2. Superación do marco do Estado e da ecuación Estado-Dereito. 3. O debate sobre as fontes da lexitimidade: democracia vs. rule of Law ou Estado de Dereito 4. Novos dereitos humanos fronte a dereitos humanos clásicos ou consolidados. 5. Poder e política na modernidade líquida.
5. Intentos de canalizar a dimensión argumentativa e deliberativa do Dereito.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Algunhas teorías da argumentación. Aportacións e límites.
6. Bases para a construción dunha filosofía xurídica capaz de dar conta do Dereito actual.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Unha perspectiva hermenéutica fundada ontoloxicamente. 2. O Dereito como forma de coexistencia.
7. As teorías da xustiza e as súas proxeccións nos debates contemporáneos	<ol style="list-style-type: none"> 1. As matrices históricas: utilitarismo, libertarismo, kantismo e aristotelismo. 2. Mercado e moral. 3. A xustiza política e a ética socialdemócrata contemporánea (Rawls). 4. Argumentos a favor e en contra da discriminación positiva. Feminismo e políticas de xénero. 5. A cuestión dos méritos. 6. Virtude cidadá e as esixencias e límites da lealdade: o que nos debemos uns a outros. 7. Xustiza e ben común. 8. Sustentabilidade. 9. A invasión dos mercados sobre a moral: da subrogación do corpo feminino á compra de honras. 10. A débeda norte-sur e a responsabilidade dos países desenvolvidos.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A6 B6 B3 C4 C6	40	49	89
Lecturas	A2 A4 A5 A6 A10 B8 B1 B2 B5 C7	0	15	15
Seminario	A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8	15	18	33
Proba oral	A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6	1	4	5
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Terán un carácter introdutorio aos principais temas da materia, ou ben de recapitulación. Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A6, e A8.
Lecturas	O desenvolvemento do pensamento crítico e da aprendizaxe autónoma aconsellan que o estudo estea baseado nunha reflexión directa dos estudantes a partir da lectura de textos clásicos e contemporáneos, así como textos normativos -lexislativos e xurisprudenciais-, referidos a parte dos contidos temáticos da materia. Esta actividade relaciónase coas competencias A4, A6, A10, B1, B3, B4 e C6.
Seminario	Os seminarios celebraranse en grupos reducidos para analizar e debater as cuestións referidas á teoría da xustiza indicadas no tema 7. Esixen participación activa dos estudantes, quen deberán expor e analizar criticamente os textos e as cuestións obxecto de cada sesión. Serven para desenvolver as habilidades argumentativas, orais e escritas, e un pensamento sistemático, creativo e crítico. Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A5, A8, A10, B3, B6, C1, C4 e C6.
Proba oral	Trátase dunha proba que combina proba obxectiva e proba de desenvolvemento. Serán obxecto de avaliación mediante este tipo de proba os contidos de sesións maxistras, incluíndo as lecturas relacionadas cos contidos dos 6 primeiros temas. Esta actividade relaciónase coas competencias B1, B3, C1 e C6.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Lecturas Seminario	Os estudantes poderán consultar ao profesor as dúbidas ou dificultades que xurdan nas sesións maxistras, lecturas ou seminarios. Poderán facelo en titorías individuais ou en sesións de grupo organizadas ao efecto dentro dos horarios de titorías dos profesores. Tamén existe a posibilidade de resolver dúbidas a través do correo electrónico cando a natureza das mesmas o permita. E tamén existe a posibilidade de levar a cabo titorías virtuais, individuais ou grupais, a través de Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba oral	A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6	A proba empregarase para avaliar a aprendizaxe dos contidos das clases maxistras e a capacidade de reflexión crítica alcanzada sobre os mesmos. Na parte de proba obxectiva valorarase especialmente a comprensión dos contidos, a capacidade de identificación precisa das respostas ás preguntas e a capacidade de responder con precisión conceptual e lingüística, evitando divagacións e ambigüidades. Nas preguntas que esixan reflexión valorarase, xunto ao anterior, a capacidade de síntese, de identificación dos problemas e de reflexión persoal. A corrección na expresión relevante na avaliación.	70
Seminario	A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8	A avaliación da participación nas sesións de grupo reducido referirase ás exposicións dos estudantes e ás intervencións nos debates posteriores. Nas exposicións poderase obter ata un punto, e valorarase a fluidez expositiva e a capacidade de análise e síntese. En ambas as (exposicións e intervencións) valorarase o dominio dos contidos temáticos, a habilidade argumentativa e a capacidade para contrargumentar e avaliar de maneira ben fundada os diferentes puntos de vista. Polas intervencións poderanse alcanzar ata 2 puntos. Como se trata dunha avaliación continua, considerarase, en primeiro lugar, a calidade das intervencións e, secundariamente, a frecuencia ou número total das mesmas ao longo do curso. A corrección na expresión oral será relevante na avaliación. Como orientación xeral, non se poderá aprobar a avaliación continua se non se realizan 4 ou 5 intervencións de valor significativo en sesións diferentes do seminario.	30

Observacións avaliación

Para aprobar a materia é preciso que a suma da cualificación obtida na avaliación de todas actividades avaliábeis acade os 5 puntos.

Non se sumarán as cualificacións se non se obtén polo menos unha puntuación de 1.2 puntos (sobre os 3 posibles) nos seminarios; e de 2.8 (sobre os 7 posibles, 4 sobre 10) na proba oral.

No caso dos estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas que non poidan participar nas sesións de seminarios, a avaliación das competencias correspondentes aos mesmos (30% da cualificación final) levarase a cabo realizando un traballo escrito sobre algún dos capítulos do libro de M. Sandel empregado para as sesións de seminarios, e mantendo unha conversación oral co profesor encargado do grupo de seminarios correspondente, que versará sobre os restantes capítulos do devandito libro, na que os estudantes deberán mostrar o seu nivel de afondamento nos contidos do texto e de desenvolvemento dun punto de vista crítico. Esta avaliación alternativa realizarase antes de que dea inicio o período de exames finais, en data e hora acordada co profesor, tendo como límite para a entrega do traballo escrito e para a proba oral o día de inicio de cada período de exames.

A esta modalidade alternativa de avaliación poderán acollerse tamén os estudantes que non poidan participar nas sesións de seminarios, por causas xustificadas que deberán ser apreciadas polo profesor responsable de cada grupo de seminarios. Para iso, deberán comunicar ao profesor as circunstancias que xustifiquen a excepcionalidade dentro das dúas primeiras semanas lectivas do cuadrimestre. Se se trata de circunstancias sobrevindas, deberán comunicalas en canto ditas circunstancias se produzan. Os estudantes que se presenten á segunda oportunidade (xullo) conservarán as cualificacións dos seminarios, se se chegou polo menos á puntuación de 1,2 puntos sobre 3. Os estudantes que non logren a puntuación de 1,2 na convocatoria de maio-xuño na avaliación dos seminarios deberán acollerse á avaliación alternativa descrita máis arriba na convocatoria ou oportunidade de xullo. Para quen non alcance a puntuación de 1,5 a renuncia á cualificación dos seminarios terá carácter voluntario. Na oportunidade de xullo, a data de entrega dos traballos e de realización da conversación oral será fixada polos profesores. Non poderá ser posterior ao día do exame oficial fixado para a devandita oportunidade.

O plaxio nun traballo ou a copia terán as consecuencias previstas pola normativa xeral da Universidade.

Os estudantes que non superen a materia conservarán a cualificación obtida na parte superada para o curso seguinte, unicamente durante un curso.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<p>- Pedro Serna (2006). Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos. México, D.F.: Porrúa</p> <p>- Michael J. Sandel (2010). Justice: What's the Right Thing to Do?. London: Penguin</p> <p>PARTE TEÓRICA (Sesiões maxistras) Pedro Serna, Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos, México, D.F.: Porrúa, 2006 (reimpr. 2012). PARTE PRÁCTICA (Seminarios e sesións de grupo reducido) Michael J. Sandel, Justicia ¿Hacemos lo que debemos? (2009), traducción de Juan Pedro Campos Gómez, Barcelona, Debate, 2011. P. Mercado, ¿Derechos insostenibles?, en J. A Estévez Araújo (ed.), El libro de los deberes, Madrid, Trotta, 2013. M. Balaguer, ¿La maternidad subrogada y el cuerpo de la mujer?, en M. Balaguer, Hij@s del mercado. La maternidad subrogada en un estado social, Madrid, Cátedra, 2017. L. Peña, ¿La deuda histórica del norte con el sur del planeta?, en L. Peña, Estudios republicanos, Madrid, Plaza y Valdés, 2009. M. Sandel, ¿De qué manera los mercados desplazan a la moral?, en M. Sandel, Lo que el dinero no puede comprar. Los límites morales de los mercados, Barcelona, Debate, 2018. P. De Lora, El laberinto del género. Sexo, identidad y feminismo, Madrid, Alianza, 2021.</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>- Robert Alexy (2009). A Theory of Legal Argumentation. The Theory of Rational Discourse as Theory of Legal Justification. Oxford: Oxford University Press</p> <p>- John Finnis (2011). Natural Law and Natural Rights. Oxford: Clarendon Law Series</p> <p>- H.L.A. Hart (2012). The Concept of Law. Oxford: Clarendon Law Series</p> <p>- Hans Kelsen (2009). Pure Theory of Law. New Jersey: The Lawbook Exchange</p> <p>- Karl Olivecrona (1971). Law as Fact. London: Sweet & Maxwell</p> <p>- Chaim Perelman (1979). The new rhetoric and the humanities: Essays on rhetoric and its applications. Dordrecht: Springer</p> <p>- John Rawls (1999). A Theory of Justice. Cambridge: Harvard University Press</p> <p>- Robert Nozick (2013). Anarchy, State, and Utopia. New York: Basic Books</p> <p>- Aulis Aarnio (1987). The Rational as Reasonable. A Treatise on Legal Justification. Dordrecht</p> <p>- Jorge Crego, Carolina Pereira Sáez (eds.) (2024). Los nuevos derechos humanos. Teoría jurídica y praxis política. Granada: Comares</p> <p>N. Bobbio, El positivismo jurídico, trad. de R. de Asís, Madrid, Debate, 1993. J. Crego y C. Pereira Sáez (eds.), Los nuevos derechos humanos. Teoría jurídica y praxis política. Granada, Comares, 2024. K. Larenz, Metodología de la ciencia del derecho, trad. de M. Rodríguez Molinero, Barcelona, Ariel, 1994. L. Lombardi Vallauri, Corso de Filosofia del Diritto, Padova, Cedam, 1982. A. Ollero, ¿Tiene razón el Derecho?, Madrid, Congreso de los Diputados, 1996. P. Serna (dir.), De la argumentación jurídica a la hermenéutica Revisión crítica de algunas teorías contemporáneas, segunda edición, Granada, Comares, 2005 (reimpr. 2009). Ch. Perelman, La lógica jurídica y la nueva retórica, Madrid, Civitas, 1979. A. Aarnio, Lo racional como razonable, Madrid, CEC, 1991. R. Alexy, Teoría de la argumentación jurídica, Madrid, CEC, 1989. R. Alexy, La institucionalización de la justicia, edición y presentación a cargo de J. A. Seoane, traducción de J. A. Seoane, E. R. Soderoy y P. Rodríguez, Granada, Comares, 2ª ed., 2010. Obras clásicas de referencia Karl Olivecrona, El Derecho como hecho, 2ª ed., Barcelona, Labor. Gustav Radbruch, Introducción a la Filosofía del Derecho, México, FCE. Hans Kelsen, Teoría pura del Derecho, 2ª ed., México, UNAM. H. L. A. Hart, El concepto de Derecho, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Finnis, Ley natural y derechos naturales, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Rawls, Teoría de la justicia, México, FCE. Robert Nozick, Anarquía, Estado y utopía, México, FCE.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

España na configuración histórico-xurídica de Europa/612G01002

Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003

Teoría do Dereito/612G01006

Dereito da persoa/612G01007

Dereito Penal. Parte xeral/612G01010

Dereito de obrigas e danos/612G01016

Dereito Internacional Público/612G01019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Dereito e biomedicina/612G01040 Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías